



C O N C E L L O
DE
FORNELLOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

V EDICIÓN PREMIO DE POESÍA MANUEL LUEIRO REY

- 1.- O Concello de Fornelos de Montes e a Asociación de Veciños O Cruceiro da Laxe, para honrar a memoria do seu ilustre poeta e contribuír á promoción da poesía galega, convoca a **V edición do PREMIO DE POESÍA MANUEL LUEIRO REY**.
- 2.- Poderán concorrer a este certame as poetas e os poetas que o desexen, cos seus poemas escritos en lingua galega, segundo a normativa vixente.
- 3.- Os poemarios aspirantes ao premio serán de tema e forma libres, cunha extensión mínima de 500 versos e máxima de 800. Deberán ser orixinais e estar inéditos na súa totalidade, condición que se estende ao soporte dixital.
- 4.- As persoas participantes deberán enviar seis exemplares da obra, mecanografados, sen remite identificador, ao seguinte enderezo:
V PREMIO DE POESÍA MANUEL LUEIRO REY – Concello de Fornelos de Montes
Praza da Igrexa, 1
36847 – Fornelos de Montes (Pontevedra)
- 5.- Nas obras concursantes deberán aparecer escrito con claridade o título e un lema, que tamén figurará no exterior dun sobre que conteña a fotocopia do DNI do autor ou autora, o seu teléfono e enderezo, así como un pequeno currículo literario, no caso de que teña obra publicada.
- 6.- O prazo de presentación das obras remata o día 15 de novembro de 2016.
- 7.- A dotación do premio, único e indivisible, que será de 2.500 euros, estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión. Se o xurado o considera oportuno, o premio poderá ser declarado deserto. Así mesmo, o xurado poderá designar un ou máis accésits ao premio que en ningún caso comportarán dotación económica, pero que serán recomendados á editora para a súa posible publicación.
- 8.- O xurado será designado polo Concello de Fornelos de Montes e a Asociación de Veciños O Cruceiro da Laxe e estará formado por cinco especialistas vinculados á poesía e/ou á crítica literaria. A composición do xurado farase pública cando remate o prazo de admisión de orixinais.
- 9.- O veredicto será dado a coñecer na primeira quincena de xaneiro de 2017 directamente ao gañador ou gañadora e a través dos medios de comunicación. A entrega do premio terá lugar, salvo causas de forza maior, nun acto público no Centro Multiusos



Tel. 986 76 84 09

Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O

DE

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

do Concello de Fornelos de Montes o 9 abril de 2017. As obras non premiadas poderán ser retiradas polas autoras ou autores nas dependencias do Concello de Fornelos de Montes no prazo dun mes a contar a partir da data do veredicto do xurado.

10.-O Premio inclúe ademais, a publicación da obra gañadora en Edicións Xerais de Galicia. O Concello de Fornelos de Montes, resérvase durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada en todas as linguas do Estado. Nese sentido, o autor ou autora renuncia a favor do Concello, na primeira edición, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autoría. De existir posteriores edicións deberase facer constar que a obra recibiu o V PREMIO DE POESÍA MANUEL LUEIRO REY.

11.-A participación nesta convocatoria implica a aceptación das bases e a interpretación que delas faga o xurado, non admitíndose recurso contra a decisión que este nas súas funcións adopte.

FORNELOS DE MONTES a 5 de agosto de 2016

O alcalde



Emiliano Lage Rodríguez